



AXUDAS PARA OS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

Segundo a Orde 9 de maio de 2018, (DOG Núm.95, 212 de maio de 2018), serán beneficiarias as familias con alumnado matriculado en centros sostidos segundo o procedemento ED330B relativo:

a) FONDO SOLIDARIO de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e os cursos da ESO.

Para acceder ao fondo solidario deberá devolver antes do 22 de xuño os libros recibidos do fondo solidario no curso 2017/2018, quedando excluído da devolución o alumnado de 1º e 2º.

b) AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP, e en EE.

c) AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR destinadas ao alumnado matriculado en EP, ESO e EE.

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES: as solicitudes poderán presentarse por vía electrónica nos formularios dispoñibles na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://www.sede.xunta.gal>. Tamén poderán presentarse presencialmente na secretaría do centro. A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro.

PRAZO DE PRESENTACIÓN das solicitudes será dende o 22 de maio ata o 22 de xuño de 2018.

A renda per capitá da unidade familiar a ter en conta será a do exercicio do 2016, sumarase o recadro 392 e o recadro 405 e dividirase entre os membros computables da unidade familiar .

Artigo 24. 3.- Quedarán excluídas as solicitudes que non se puidesen validar por estar presentadas fóra de prazo, por falta de emenda das deficiencias da solicitude e/ou da documentación ou por falta da devolución dos libros de texto recibidos do fondo solidario adquiridos coas axudas no curso 2017/2018.

Mais información na Secretaría do Centro e no portal educativo da consellería no enderezo: <http://www.edu.xunta.gal>